

BOLETÍN 1

IIIº CAMPIONATO PROVINCIAL DE ORIENTACIÓN PEDESTRE

ALLARIZ 2011¹

ORGANIZACIÓN: Clube Alpino Ourenseño, Servizo Provincial de Deportes e Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

DATA: *Xoves 31 de marzo de 2010.*

LUGAR: Casco vello da vila de Allariz. A zona de saída e meta estará ubicada na Praza Maior. Os participantes fóra de competición só poderán circular pola rúa de Vilanova que vai desde a Ponte de Vilanova até a Praza Maior durante a celebración da proba. Podéranse usar as duchas da piscina ao rematar a proba.

HORARIO:

- 10:30: Apertura da secretaría na Praza Maior
(entrega de dorsais e tarxetas de control).
- 10:45: Breve explicación da carreira.
- 11:00: Saída do primeiro participante.
- 12:30: Peche de meta.
- 13:30: Entrega de medallas.

MODALIDADE: Carreira *Sprint* urbana individual na modalidade de orientación en liña (o participante terá que pasar polos controis seguindo a orde numérica). ATENCIÓN controis próximos (comprobar número de baliza). O tempo estimado para o/a gañador/a en cada categoría estará entre 12 e 14 minutos, segundo indicacións I.O.F..

TERREO: Típico casco vello cunha boa rede de rúas con pequenas prazas, innumerabeis recunchos e poucos detalles de vexetación. Mapa 1:4000 con equidistancia de 2,5m, realizado por Natalia Pedre Fernández no 2010.

¹ **CLASIFICATORIO PARA O CAMPIONATO GALEGO A CELEBRARSE EN PONTEVEDRA (CENTRO HISTÓRICO) O MÉRCORES 13 DE ABRIL.**

CATEGORÍAS E PERCORRIDOS:

PERC.	CATEGORIAS	DISTANCIA	DESNIVEL	Nº CONTROIS
1	INFANTIL FEMININO (97/98)	1,5 km	23 m	7
2	INFANTIL MASCULINO (97/98)	1,5 km	23 m	8
3	CADETE FEMININO (95-96)	1,8 km	30 m	8
4	CADETE MASCULINO (95-96)	2 km	32 m	10

INSCRICIÓN: Para formalizar a inscrición haberá que estar preinscrito na actividade competitiva de orientación do programa XOGADE (<http://deporteescolargalego.com/>).

Enviar inscrición na folla Excel que se adxunta debidamente cuberta a estes dous correos electrónicos simultaneamente: orientaourense@gmail.com, deportes.ourense@xunta.es.

O número máximo de inscricións por Centro é de 25 alumnos. En función do número total de participantes inscritos poderá abrirse un segundo prazo de inscrición co fin de que os Centros, que en primeira instancia cubran tódalas suas prazas, poidan aumentar o seu número de inscritos.

Os prazos para formalizar a inscrición serán os seguintes:

1º) Xoves 24 de marzo: Enviar listaxe de preinscritos por orde de preferencia antes das 14:00h.

2º) Venres 25 de marzo: **Publicación da listaxe provisional de admitidos e vacantes.**

3º) Luns 28 de marzo: 2º prazo de inscrición para cubrición de posibeis vacantes antes das 14:00h.

4º) Martes 29 marzo: **Publicación de listaxe definitiva de admitidos.**

SEGURIDADE:

- A proba celebrárase nunha zona limitada ao tráfico rodado. De todos xeitos, recoméndase disminuír a velocidade ao dobrar esquinas.
- Atención ao enlousado das rúas, que nalgúns zonas é moi irregular. Hai que transitar con precaución especialmente nas baixadas e co chan mollado. Coidado coas escaleiras que se atopan no terreo.
- Lémbrese a todos os participantes que están obrigados a cumprir as normas de circulación vial. Non se pode transpasar ningunha zona limitada por fita baixo pena de descalificación.

En todo momento, haberá un dispositivo da Policía Local e de Protección Civil para garantir a seguridade dos participantes.

SISTEMA DE CONTROL: Por medio de Pinza Tradicional.

EXTRACTO DO REGULAMENTO:

- Durante a competición os participantes que non esten en carreira non poderán saír da zona de concentración sita na Praza Maior, agás pola rúa de Vilanova en dirección á piscina.
- Únicamente se permite o uso da búaola como elemento de apoio, xunto co mapa que se entregue na saída.
- Non se permitirá a saída de corredores **sen o seu dorsal**.
- É obrigatorio realizar o percorrido na orde indicada no mapa. Balizas de distintos percorridos moi próximas. **Olo ó código da baliza!**
- **É obrigatorio pasar pola meta**, aínda que se produza o abandono, para que lle conste á Organización.
- Non está permitido seguir a outros/as competidores/as.
- Non está permitido falar con outros/as competidores/as.
- Hai que respectar ás normas de circulación vial.
- Na meta recollérase o mapa. Despois da saída do derradeiro/a competidor/a, se poderá retirar de novo.

Calquer aspecto non recollido nas normas anteriores regularase a través dos correspondentes regulamentos da modalidade O-Pé da AGaCO, FEDO e IOF.

ACCESO Á ZONA DE COMPETICIÓN



ATENCIÓN: A zona de aparcamento dos autocares será á altura da piscina municipal na zona da urbanización do Fuxón e Paseo do Arnado. Os participantes accederán á Praza Maior pola Ponte e rúa de Vilanova a pé.

Máis información actualizada en:

<http://agaco.es/>

<http://calpino.blogspot.com/>

Atentamente:

Xan M. Trigo Recarey

Delegado AGaCO-Ourense

Ourense, a 14 de marzo de 2011